

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

11953 *RESOLUCIÓN do 16 de xuño de 2006, do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se modifica o prazo de ingreso en período voluntario dos recibos do imposto sobre actividades económicas do exercicio 2006, relativos ás cotas nacionais e provinciais e se establece o lugar de pagamento das ditas cotas. («BOE» 158, do 4-7-2006.)*

A Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, creou, nos seus artigos 79 a 92, o imposto sobre actividades económicas.

Pola súa parte, o Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, que aprobou as tarifas e instrución do imposto, sinala na súa regra 17.^a que as cotas nacionais e provinciais serán recadadas pola Administración tributaria estatal.

O artigo 23 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, dispón que a recadación de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva poderá ser realizada, entre outras modalidades, por calquera que se estableza para ingreso dos recursos da Facenda pública.

O artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, confírelle á Administración tributaria competente a facultade de modificar o prazo de ingreso en período voluntario das débedas referidas no parágrafo anterior.

A Orde PRE/4047/2005, do 26 de decembro, pola que se modifica a do 11 de xullo de 1997, do Ministerio da Presidencia, pola que se reorganizan os servizos centrais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, atribúelle ao titular do Departamento de Recadación do citado organismo público a competencia de modificar o prazo voluntario de ingreso das débedas de notificación colectiva e periódica cuxa xestión sexa realizada pola mencionada axencia.

Por todo isto, acordei ditar a seguinte resolución:

Un. Para as cotas nacionais e provinciais do imposto sobre actividades económicas do exercicio 2006, establécese que o seu cobramento se realice a través das entidades de depósito colaboradoras na recadación, co documento de ingreso que para tal efecto se fará chegar ao contribuínte. No suposto de que o devandito documento de ingreso non fose recibido ou se tivese extraviado, deberase realizar o ingreso cun duplicado que se recollerá na delegación ou administracións da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondentes á provincia do domicilio fiscal do contribuínte, no caso de cotas de clase

nacional, ou correspondentes á provincia do domicilio onde se realice a actividade, no caso de cotas de clase provincial.

Dous. Modifícase o prazo de ingreso en período voluntario do imposto sobre actividades económicas do exercicio 2006 cando se trate das cotas a que se refire o punto un anterior, fixéndose un novo prazo que comprenderá desde o 15 de setembro ata o 20 de novembro de 2006, ambos inclusive.

Madrid, 16 de xuño de 2006.—A directora do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, Julia Atienza García.

XEFATURA DO ESTADO

12057 *LEI 22/2006, do 4 de xullo, de capitalidade e de réxime especial de Madrid. («BOE» 159, do 5-7-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

Madrid é a capital do Estado segundo o artigo 5 da Constitución. E é, en termos demográficos, a cidade máis poboada de España, centro dunha extensa área metropolitana: nela residen algo máis de tres millóns de persoas, sen contar os outros centos de miles que transitan diariamente pola cidade. Estas singularidades, tanto institucionais coma sociais, encóntranse estreitamente entrelazadas: a realidade de Madrid como gran cidade é indisoluble da súa condición de capital do Estado.

As singularidades de Madrid reclaman un tratamento legal especial que faga posible un goberno municipal eficaz. Ese é o obxecto desta lei. Con ese fin abórdase un tratamento integrado dos distintos factores que singularizan Madrid, tanto dos que derivan da súa condición de capital como dos que proveñen da súa condición de gran cidade. Desta maneira, esta lei desenvolve as previsións establecidas ao respecto tanto polo texto constitucional como polo propio Estatuto de autonomía da Comunidade de Madrid.

En efecto, o artigo 6 do Estatuto da Comunidade de Madrid prevé que, pola súa dobre condición de capital do Estado e sede das institucións xerais, a cidade de Madrid

terá un réxime especial, regulado por unha lei votada en Cortes, que determinará as relacións entre as institucións estatais, autonómicas e municipais no exercicio das súas respectivas competencias. Pero, alén disto, a lei inclúe outras normas especiais encamiñadas a facer posible o goberno eficaz dunha urbe das dimensións e problemas propios de Madrid, sen par no resto de España.

A regulación especial da cidade de Madrid non é, con todo, unha novidade xurídica. En 1963 aprobouse, por primeira vez, un réxime especial para Madrid co cal se tratou de dar resposta, como sinala a exposición de motivos do Decreto 1674/1963, do 11 de xullo, aos delicados aspectos que ofrece a Administración municipal madrileña, como consecuencia de ser, ademais do municipio máis populoso da nación, a capital do Estado e sede do Goberno nacional.

A singularidade de Madrid tampouco pasou inadvertida na Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local. Na disposición adicional sexta desta lei xa se prevé a substitución do réxime especial aprobado en 1963 por outro actualizado. A través desta lei dáse cumprimento ás previsións legais anteriormente mencionadas.

Obvio é que esta lei non recolle todo o réxime xurídico da cidade de Madrid. Contén unicamente normas especiais que se aplicarán preferentemente respecto das previstas na lexislación xeral. Doutra banda, as normas especiais desta lei non cuestionan o exercicio das competencias lexislativas sobre réxime local da Comunidade de Madrid.

Esta lei estrutúrase en catro títulos, precedidos dun título preliminar, nos cales se regulan o réxime de capitalidade, a organización política e administrativa do Concello de Madrid, as competencias de titularidade do Estado que se transfíren e as especialidades do réxime xurídico aplicable á cidade.

II

O título I dá cumprimento propiamente ao réxime derivado da condición de Madrid como capital do Estado, creando a denominada «Comisión Interadministrativa de Capitalidade», como órgano de cooperación entre o Estado, a Comunidade de Madrid e a Cidade de Madrid en materias directamente relacionadas co feito da capitalidade, tales como a seguranza cidadá ou a celebración de actos oficiais.

Deste xeito, a lei delimita as materias de competencia da citada comisión, ben que deixa aberta a posibilidade de que as tres institucións que a integran poidan ampliar no futuro o seu ámbito de colaboración e de consenso en aspectos relacionados coa capitalidade. Establécese así un modelo aberto de cooperación que permitirá adaptar a función da Comisión ás novas demandas e facilitará a adopción de respostas adecuadas ás complexas necesidades da cidade.

O valor deste destacado instrumento de cooperación consiste en definir un marco legal de cooperación entre as tres administracións que permita asegurar o benestar e a calidade de vida dos madrileños.

Así mesmo, esta norma vén recoller a previsión constitucional de que Madrid é a capital do Estado, recoñecendo expresamente esa realidade histórica, e asignándolle as funcións propias de tal condición.

III

O título II aborda os aspectos esenciais da organización do Concello de Madrid en canto parte imprescindible do estatuto da cidade-capital do Estado.

O modelo da organización política e administrativa do Concello de Madrid contido neste título vén desenvolver o establecido no título X da Lei reguladora das bases do réxime local, é dicir, non se opta por un modelo diferente do vixente, senón que se parte deste perfilándose algúns aspectos e introducíndose algunhas singularidades.

Esta regulación fundaméntase en dous principios. Por unha banda, refórzase o esquema de corte parlamentario do goberno local, que se concreta, entre outras, nunha máis clara separación entre o Pleno e o executivo local, no reforzamento das funcións do executivo e no recoñecemento da debida separación entre o goberno e a administración municipal. Por outra banda, amplíase o ámbito de materias que poden ser obxecto das potestades normativas e de autoorganización municipal –elementos fundamentais da autonomía local–, ao eludir deliberadamente a regulación dos aspectos secundarios da organización administrativa por tratarse dunha materia que debe quedar reservada á libre disposición do concello.

Respecto da organización política, formada principalmente polo Pleno, o alcalde e a Xunta de Goberno, introdúcese algunhas especialidades que non alteran a natureza ou a posición que cada un deses órganos desempeña no goberno municipal, nin tampouco as súas funcións principais, e coas cales se pretende perfilar o réxime destes órganos na liña propia dun sistema de corte parlamentario.

Destaca a facultade que se lle outorga ao alcalde para propoñer ao Pleno a designación, entre os concelleiros, do seu presidente e vicepresidente. Así mesmo, ordénanse as competencias do Pleno co fin de reforzar as referentes ao debate das grandes decisións estratéxicas, o control político e a potestade normativa, trasladándose á Xunta de Goberno as funcións de carácter executivo que, por razóns de eficacia e coherencia co sistema de goberno parlamentario, deben estar atribuídas a ese órgano. O Pleno mantén todas as competencias relevantes que veu exercendo tradicionalmente: aprobación dos orzamentos xerais e das modificacións substanciais deste, do planeamento urbanístico, da normativa municipal; as competencias referentes á delimitación e alteración do termo municipal, a participación en organizacións supramunicipais, a aceptación das delegacións de competencias doutras administracións públicas; e, finalmente, as competencias de control político que se estenden a todo o ámbito da actuación municipal, atribuíndose ao Pleno a concreción das modalidades de control por parte dos concelleiros e dos grupos políticos, así como o acceso á información administrativa que precisen para o desenvolvemento da súa función representativa.

A reordenación das competencias do Pleno e os principios que a fundamentan explican tamén os cambios nas competencias do alcalde. En xeral, ao alcalde correspóndelle, como competencias principais, o impulso da política municipal, a dirección dos demais órganos executivos e a superior dirección da administración executiva municipal e, por suposto, responde da súa xestión no Pleno.

A necesidade de que as grandes cidades contén cun executivo forte, dotado de capacidade xerencial, exige que a Xunta de Goberno se configure como o máximo órgano colexiado da función executiva e da xestión administrativa. Por iso as competencias desta natureza atribuídas pola lexislación vixente ao Pleno e ao alcalde se trasladan á Xunta de Goberno.

Finalmente, o título II establece unha clara diferenciación entre os órganos superiores do concello: alcalde, Xunta de Goberno e concelleiros membros desta, aos cales lles corresponden as funcións de dirección política e de cuxa xestión responden ante o Pleno, e a Administración municipal, á cal lle corresponde servir con obxectividade ao interese xeral –artigo 103 da Constitución– baixo a dirección dos órganos políticos e o necesario control do Pleno.

IV

O título III aborda a regulación xeral das distintas formas de atribución das competencias á cidade, diferenciándose entre competencias propias, delegadas e as atribuídas mediante a técnica da encomenda de xestión.

Así mesmo, determínanse as competencias de titularidade estatal que se asignan á cidade a través desta lei.

De conformidade co previsto na Carta Europea de Autonomía Local e na normativa básica estatal, as competencias propias exércense en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais administracións públicas.

A cidade de Madrid poderá exercer por delegación competencias da Administración xeral do Estado e da Comunidade de Madrid, de acordo coa normativa que resulte de aplicación en cada caso.

A lei refírese tamén á posibilidade de lle encomendar á cidade de Madrid a realización de tarefas xurídicas, técnicas ou materiais, por parte do Estado ou da Comunidade de Madrid, de acordo coa lexislación aplicable en cada caso.

Por outra banda, atribúenselle á cidade de Madrid determinadas competencias de titularidade estatal en materia de mobilidade, seguraza cidadá e infraestruturas, por tratarse de ámbitos relevantes da xestión e goberno desta.

Así, en materia de infraestruturas, recoñécese a participación do Concello de Madrid naquelas cuxa titularidade corresponda á Administración xeral do Estado e estean situadas no seu termo municipal.

Neste proceso de ampliación das competencias municipais en sectores con elevada incidencia na calidade de vida dos cidadáns ocupan unha posición central as medidas previstas en materia de seguraza viaria, dirixidas a incrementar as potestades do concello para afrontar problemas como a emisión de ruidos e contaminantes polos vehículos de motor, o estacionamento, a conducción baixo os efectos do alcohol ou estupefacientes ou substancias psicotrópicas, a mellora das condicións de vida das persoas con mobilidade reducida, etc. Para a efectividade das medidas, permíteselle ao concello adoptar unha serie de medidas cautelares, que incrementarán o poder de autoridade deste para o cumprimento das normas sobre seguraza viaria.

V

O título IV aborda a regulación das especialidades do réxime xurídico da cidade de Madrid, que se xustifican pola dimensión da actividade administrativa que xera o Concello de Madrid.

Madrid é a cidade de maior poboación de España e isto fai que o volume da súa actividade administrativa non sexa equiparable á de ningún outro municipio. Partindo deste dato obxectivo, o que se pretende con estas especialidades é introducir rapidez e axilidade na xestión, reforzando a eficacia da actuación administrativa.

En materia de procedementos administrativos defínense os trámites principais do procedemento para a aprobación das normas municipais polo Pleno, co obxectivo de axilizalo respecto da regulación actual, que contén unha dobre aprobación polo Pleno municipal. En particular, neste novo procedemento diferénciase a tramitación do proxecto normativo polo executivo municipal da tramitación no seo do Pleno. Na primeira realízase un trámite de audiencia aos cidadáns cando o proxecto afecte os dereitos ou intereses lexítimos destes, e finaliza coa súa aprobación pola Xunta de Goberno. A tramitación do proxecto no Pleno iníciase coa remisión deste e dos antecedentes á comisión competente, que emitirá ditame sobre el e o elevará ao Pleno para a súa aprobación nun acto único.

Por último, a parte final da norma ten por obxecto asegurar a posta en funcionamento da Comisión Interadministrativa de Capitalidade, regular as tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade ou establecer o réxime transitorio en materia de incompatibilidades.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. Esta lei regula o réxime especial da Vila de Madrid así como as peculiaridades deste en canto capital do Estado e sede das institucións xerais, sen prexuízo das competencias da Comunidade de Madrid.

2. Nas materias non reguladas nesta lei, será de aplicación á cidade de Madrid:

a) O disposto na lexislación estatal básica en materia de goberno e administración local, e, se é o caso, na lexislación autonómica de desenvolvemento.

b) A restante lexislación do Estado e da Comunidade de Madrid, en función da distribución constitucional e estatutaria de competencias.

Artigo 2. *Autonomía municipal.*

1. A Cidade de Madrid goza de autonomía para a xestión dos seus intereses, con medios económico-financeiros suficientes conforme a Constitución, o Estatuto de autonomía da Comunidade de Madrid e o resto do ordenamento xurídico. A xestión municipal autónoma desenvólvese con lealdade institucional e en colaboración, cooperación e coordinación coa Administración xeral do Estado e da Comunidade de Madrid.

2. O Goberno e a Administración da cidade de Madrid comprende as funcións de ordenación e execución nos asuntos da competencia municipal. Estas funcións son exercidas polo Concello, baixo a súa propia responsabilidade e no marco das leis, mediante órganos diferenciados para as de ordenación e as de execución e xestión.

3. Para a efectividade da autonomía prevista no punto 1, esta lei atribúelle ao Concello da Cidade de Madrid competencias en materia de infraestruturas, mobilidade, seguraza cidadá e réxime xurídico e procedemento. De igual forma, e segundo o establecido no artigo 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a lexislación sectorial do Estado atribuirá, se é o caso, competencias no ámbito dos servizos e infraestruturas que sexan básicos para o desenvolvemento da cidade.

TÍTULO I

Réxime de capitalidade

Artigo 3. *Relacións entre as institucións estatais, autonómicas e locais na cidade de Madrid.*

1. De acordo co artigo 5 da Constitución española, que establece que a capital do Estado é a Vila de Madrid, e en cumprimento do previsto no artigo 6 do Estatuto de autonomía da Comunidade de Madrid, aprobado pola Lei orgánica 3/1983, do 25 de febreiro, este título regula a articulación das relacións entre as institucións estatais, autonómicas e locais no ámbito territorial da cidade de Madrid, naqueles aspectos vinculados coa capitalidade.

2. No non previsto neste título, as relacións interadministrativas no ámbito territorial da cidade de Madrid desenvolveranse de acordo cos principios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na lexislación básica sobre o goberno e a administración local, así como na restante lexislación estatal ou autonómica de aplicación.

Artigo 4. Réxime de capitalidade da Vila de Madrid.

O réxime de capitalidade da Vila de Madrid a que se refire este título terá como obxecto as seguintes materias:

- a) Seguraza cidadá sempre que estea inmediatamente relacionada coa protección de persoas e bens en acontecementos internacionais ou nacionais que se celebren en Madrid na súa condición de capital do Estado.
- b) A coordinación na organización e celebración de actos oficiais de carácter estatal.
- c) A protección de persoas e bens como consecuencia do exercicio polos cidadáns do dereito de reunión e de manifestación cando o ámbito da convocatoria presente dimensión estatal.
- d) Réxime protocolario da vila de Madrid e dos seus representantes políticos.
- e) Calquera outra materia que puidese afectar relevantemente as tres administracións, a xuízo destas, como consecuencia da capitalidade de Madrid.

Artigo 5. Comisión Interadministrativa de Capitalidade.

1. Respectando os ámbitos competenciais das distintas administracións participantes, créase a Comisión Interadministrativa de Capitalidade, como órgano de cooperación para a mellor articulación do réxime de capitalidade previsto nesta lei.

2. A Comisión Interadministrativa de Capitalidade estará formada por igual número de membros das tres administracións.

Artigo 6. Presidencia da Comisión Interadministrativa de Capitalidade.

1. A presidencia da Comisión Interadministrativa de Capitalidade correspóndelle ao Estado.

2. A súa composición e funcionamento determinárase no seu regulamento, que se aprobará por unanimidade dos seus membros.

TÍTULO II**Goberno e Administración municipal****CAPÍTULO I****Goberno municipal****SECCIÓN PRIMEIRA. DISPOSICIÓN XERAIS****Artigo 7. Organización.**

Son órganos de goberno municipal:

- a) Deliberante de representación política: o Pleno.
- b) Executivos de dirección política e administrativa: o alcalde, a Xunta de Goberno, os tenentes de alcalde, os concelleiros con responsabilidades de goberno, os membros non electos da Xunta de Goberno e os que se determinen no correspondente regulamento orgánico.

Artigo 8. Foro.

A responsabilidade penal do alcalde, dos tenentes de alcalde e dos restantes concelleiros do Concello de Madrid, así como a civil en que puidesen ter incorrido estes con ocasión do exercicio dos seus cargos, será exigible conforme o que dispoña a Lei orgánica do poder xudicial.

SECCIÓN SEGUNDA. O PLENO**Artigo 9. O Pleno.**

1. O Pleno é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal, exerce as atribucións que lle están asignadas expresamente e está formado polo alcalde e os concelleiros, sen prexuízo da asistencia ás súas sesións e a intervención nas súas deliberacións dos membros non electos da Xunta de Goberno.

2. As sesións do Pleno son públicas. Non obstante, poderán ser secretos o debate e votación daqueles asuntos que poidan afectar o dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución, cando así sexa acordado por maioría absoluta.

O Pleno pode funcionar en comisións, que estarán formadas polos concelleiros que designen os grupos políticos en proporción á súa representación no Pleno.

3. En todo o non previsto nesta lei no que se refire á súa convocatoria, constitución, funcionamento e adopción de acordos, o pleno réxese, no marco do disposto pola lexislación estatal básica en materia de goberno e administración local, polo seu regulamento orgánico e as resolucións ditadas polo seu presidente en interpretación deste.

Artigo 10. Presidente do Pleno.

1. O alcalde convoca e preside as sesións do Pleno. Non obstante, poderá promover a designación polo Pleno dun presidente e un vicepresidente de acordo co que se dispón no punto seguinte.

2. Por iniciativa do alcalde o Pleno poderá elixir entre os concelleiros o seu presidente e vicepresidente. Esta designación producirase ao inicio do mandato, caso en que lle corresponderá ao presidente elixido o exercicio das funcións recollidas neste artigo. Na elección do presidente, cada concelleiro escribirá un só nome na papeleta correspondente. Resultará elixido o que obteña o voto da maioría absoluta dos membros do Pleno. Se ningún a obtivese en primeira votación, repetirase a elección entre os dous concelleiros que alcanzasen maior número de votos na votación precedente, resultando elixido o que obteña máis votos na nova votación. En caso de empate resultará elixido o candidato da lista que obtivese maior número de votos nas eleccións municipais.

Elixido o presidente, procederase á elección do vicepresidente polo mesmo sistema.

As vacantes que se produzan serán cubertas por elección do Pleno na forma establecida no parágrafo primeiro deste punto.

Os devanditos cargos manteranse ata a finalización do mandato.

3. O presidente do Pleno asegura a boa marcha dos seus traballos, interpreta as súas normas de funcionamento, convoca e preside as sesións e dirixe e mantén a orde dos debates.

Artigo 11. Atribucións do Pleno.

1. Correspóndelle ao Pleno:

- a) O control e a fiscalización dos órganos de goberno.
- b) A votación da moción de censura ao alcalde e da cuestión de confianza presentada por este, que será pública e se realizará mediante chamamento nominal en todo caso e se rexerá en todos os seus aspectos polo disposto na lexislación electoral xeral.
- c) A aprobación e modificación dos regulamentos de natureza orgánica. Terán en todo caso natureza orgánica:

A regulación do Pleno.

A regulación, de ser o caso, do órgano para a defensa dos dereitos dos veciños.

A regulación dos órganos e procedementos de participación cidadá.

A división da cidade en distritos e a determinación e regulación dos seus órganos, sen prexuízo das atribucións da Xunta de Goberno para establecer a organización e estrutura da Administración municipal executiva.

A regulación da organización política e administrativa do concello.

A regulación do Tribunal Económico-Administrativo Municipal de Madrid.

d) A aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais.

e) Os acordos relativos á delimitación e alteración do termo municipal e a adopción ou modificación da súa bandeira, insignia ou escudo.

f) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais.

g) A determinación dos recursos propios de carácter tributario.

h) A aprobación dos orzamentos e a autorización de gastos nas materias da súa competencia. Así mesmo, aprobará a conta xeral do exercicio correspondente.

i) O outorgamento de avais e garantías polo concello, que se axustará ao disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

j) A aprobación que poña fin á tramitación municipal dos instrumentos de planeamento previstos na lexislación urbanística e a aprobación dos avances de planeamento.

k) A transferencia de funcións ou actividades a outras administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente.

l) A determinación das formas de xestión dos servizos, así como o acordo de creación de organismos autónomos, de entidades públicas empresariais e de sociedades mercantís para a xestión dos servizos de competencia municipal, e a aprobación dos seus correspondentes estatutos e dos expedientes de municipalización. Así mesmo, corresponderalle a aprobación dos estatutos das fundacións.

m) As facultades de revisión de oficio dos seus propios actos e disposicións de carácter xeral, e a declaración de lesividade dos seus actos.

n) O exercicio de accións xudiciais e administrativas nas materias da súa competencia.

ñ) Establecer o réxime retributivo dos membros do Pleno, do seu secretario xeral, do alcalde, dos membros da Xunta de Goberno e dos órganos directivos municipais.

o) A presentación de conflitos de competencia a outras entidades locais e a outras administracións públicas.

p) A creación de escalas, subescalas e clases de funcionarios, así como a atribución a estes da condición de axente da autoridade en atención ás funcións que lles corresponda exercer.

q) As restantes atribucións que lle asignen as leis, sen prexuízo do disposto na disposición adicional segunda desta lei.

2. Requiritase o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno para a adopción dos acordos referidos nas alíneas c), e), f) e k) e para os acordos que corresponda adoptar ao Pleno na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.

Os demais acordos adoptaranse por maioría simple de votos.

3. Non poderán delegarse as competencias do Pleno referidas nas alíneas a), b), c), e), f), g), h), j), k), m), ñ) e p).

As delegacións do Pleno só se poderán realizar nas súas comisións.

Artigo 12. *Atribucións das comisións.*

Corresponderanlles ás comisións as seguintes funcións:

a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno.

b) O ditame das normas municipais con carácter previo á súa aprobación polo Pleno.

c) O seguimento da xestión do alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ao Pleno.

d) Aquelas que o Pleno lles delegue, de acordo co disposto nesta lei.

Artigo 13. *Secretaría Xeral do Pleno.*

1. O Pleno contará cun secretario xeral ao cal lle corresponderán as seguintes funcións:

a) A redacción e custodia das actas, así como a supervisión e autorización destas, co visto e prace do presidente do Pleno.

b) A expedición, co visto e prace do presidente do Pleno, das certificacións dos actos e acordos que se adopten.

c) A asistencia ao presidente do Pleno para asegurar a convocatoria das sesións, a orde nos debates e a correcta celebración das votacións, así como a colaboración no normal desenvolvemento dos traballos do Pleno e das comisións.

d) A comunicación e publicación dos acordos plenarios.

e) O asesoramento legal ao Pleno e ás comisións cando o solicite o alcalde, o presidente, se é o caso, ou a cuarta parte, cando menos, dos concelleiros.

f) As funcións que a lexislación electoral xeral asigna aos secretarios dos concellos, así como a conservación e custodia do rexistro de intereses dos membros do Pleno e dos membros non electos da Xunta de Goberno Local.

g) A remisión á Administración xeral do Estado e á da Comunidade de Madrid de copia ou, se é o caso, extracto dos acordos adoptados polo Pleno.

As devanditas funcións quedan reservadas a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional. O seu nomeamento corresponderalle ao presidente do Pleno polos sistemas previstos nas disposicións legais que resulten de aplicación.

2. A secretaría das comisións correspóndelle ao secretario xeral do Pleno, quen poderá delegala nun funcionario.

SECCIÓN TERCEIRA. ÓRGANOS EXECUTIVOS DE GOBERNO

Artigo 14. *Alcalde.*

1. O alcalde impulsa a política municipal, dirixe a acción dos restantes órganos executivos, exerce a superior dirección da Administración executiva municipal e responde ante o Pleno pola súa xestión política.

2. O alcalde desempeña a máxima representación da cidade, sen prexuízo das facultades de representación que se lles poidan outorgar aos titulares doutros órganos.

3. Ademais, correspóndelle ao alcalde o exercicio das seguintes atribucións:

a) Determinar o programa de acción política municipal, impartir directrices para a súa execución e supervisar a acción dos restantes órganos executivos de goberno e directivos.

b) Convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno, salvo que se optase pola designación dun presidente do Pleno, nos termos previstos no artigo 10.

c) Decidir os empates con voto de calidade en todos os órganos municipais colexiados en que participe.

d) Nomear e separar os membros da Xunta de Goberno, os tenentes de alcalde e os presidentes dos distritos.

e) Ditar bandos para lembrar e precisar os termos do cumprimento de normas en vigor, ou para efectuar apelacións á poboación municipal con motivo de acontecementos ou circunstancias especiais. Ditar decretos e instrucións.

f) Adoptar as medidas necesarias e adecuadas en casos de extraordinaria e urxente necesidade, dando conta inmediata ao Pleno.

g) Exercer a superior dirección do persoal ao servizo da Administración municipal e a superior xefatura da policía municipal.

h) Acordar, ao inicio do mandato, o número, denominación e competencias das áreas en que se estrutura a Administración municipal, no marco das normas orgánicas aprobadas polo Pleno.

i) O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, neste suposto dando conta a este na primeira sesión que celebre para a súa ratificación.

j) Asegurar a execución das leis e das normas municipais, así como dos acordos e resolucións dos órganos executivos e administrativos, ordenando, en particular e cando proceda, a publicación destes últimos.

k) A sinatura de convenios.

l) A revisión de oficio e a declaración de lesividade dos seus propios actos.

m) A autorización e disposición de gastos nas materias da súa competencia, así como o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas destes compromisos de gasto.

n) A ordenación de pagamentos.

ñ) O nomeamento do persoal funcionario, laboral e eventual ao servizo do Concello de Madrid.

4. O alcalde poderá delegar ou desconcentrar mediante decreto as competencias anteriores na Xunta de Goberno, nos seus membros, nos demais concelleiros e, se é o caso, nos órganos directivos, con excepción das sinaladas nas letras b), c), d), e) no que se refire á adopción de bandos e f). As atribucións previstas nas letras a) e h) só serán delegables na Xunta de Goberno.

Artigo 15. *Os tenentes de alcalde.*

O alcalde poderá nomear, de entre os membros da Xunta de Goberno que desempeñen a condición de concelleiro, os tenentes de alcalde que o substituirán pola orde do seu nomeamento nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 16. *Xunta de Goberno.*

1. A Xunta de Goberno é o órgano executivo de dirección política e administrativa.

2. Correspóndelle ao alcalde nomear e separar libremente os membros da Xunta de Goberno, cuxo número

non poderá exceder dun terzo do número legal de membros do Pleno, ademais do alcalde.

O alcalde poderá nomear como membros da Xunta de Goberno a persoas que non desempeñen a condición de concelleiros, nos termos previstos na lexislación básica reguladora do goberno e a administración local. Os seus dereitos económicos e prestacións sociais serán os que estableza o Pleno.

Os membros da Xunta de Goberno poderán asistir ás sesións do Pleno e intervir nos debates, sen prexuízo das facultades que corresponden ao seu presidente.

3. A Xunta de Goberno responde politicamente ante o Pleno da súa xestión de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus membros pola súa xestión.

4. A secretaría da Xunta de Goberno corresponderalle a un dos seus membros, designado polo alcalde, quen redactará as actas das sesións e certificará sobre os seus acordos.

5. As sesións da Xunta de Goberno son secretas; non obstante, poderanse celebrar sesións públicas por acordo da propia Xunta, cando a natureza dos asuntos que se vaian debater así o faga procedente.

As sesións da Xunta de Goberno poderán asistir os concelleiros non pertencentes á Xunta e os titulares dos órganos directivos, en ambos os supostos cando sexan convocados expresamente polo alcalde.

Artigo 17. *Atribucións da Xunta de Goberno.*

1. Correspóndelle á Xunta de Goberno:

a) Aprobar os proxectos de ordenanzas, de regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e as súas comisións, e os proxectos dos estatutos dos organismos autónomos, entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e fundacións.

b) Adoptar plans, programas e directrices vinculantes para todos os órganos executivos, organismos e empresas do Concello de Madrid.

c) Aprobar o proxecto de orzamento.

d) Someter a información pública os avances de planeamento, as aprobacións dos instrumentos de planeamento urbanístico non atribuídas expresamente ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.

e) As competencias de xestión en materia de contratos, concesións e patrimonio, así como a designación dos membros das mesas de contratación e os seus presidentes.

f) Aprobar as relacións de bens e dereitos suxeitos a expropiación e a dos proxectos expropiatorios, incluídos os urbanísticos tramitados polo procedemento de taxación conxunta.

g) O desenvolvemento da xestión económica e, en particular, a aprobación dos gastos de carácter plurianual, a ampliación do número de anualidades e a modificación das porcentaxes de gastos plurianuais, así como a concertación de operacións de crédito, todo iso de acordo co orzamento e as súas bases de execución.

A autorización e disposición de gastos nas materias da súa competencia e dispor gastos previamente autorizados polo Pleno, así como o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas destes compromisos de gasto e a validación de créditos.

Así mesmo, correspóndelle á Xunta de Goberno a aprobación de todas as modificacións orzamentarias, salvo as que se refiran á concesión dun crédito extraordinario ou suplemento de crédito que lle corresponderá en todo caso ao Pleno.

h) Establecer a organización e estrutura da Administración municipal executiva, no marco das normas orgánicas.

nicas aprobadas polo Pleno e o nomeamento e o cesamento dos titulares dos órganos directivos.

i) O exercicio das accións xudiciais e administrativas nas materias da súa competencia.

j) As facultades de revisión de oficio e a declaración de lesividade dos seus propios actos.

k) O exercicio da potestade sancionadora e a concesión de licenzas.

l) A creación, modificación ou supresión de ficheiros de datos de carácter persoal.

m) As modificacións do cadro de persoal de acordo coas normas que se establezan nas bases de execución do orzamento, aprobar a relación de postos de traballo, as retribucións do persoal de acordo co orzamento aprobado polo Pleno, a oferta de emprego público, as bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo, o número e réxime do persoal eventual, a separación do servizo dos funcionarios do concello, sen prexuízo do previsto na lexislación básica respecto aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, o despedimento do persoal laboral, o réxime disciplinario, a xestión do réxime de incompatibilidades e as demais competencias en materia de persoal que non estean expresamente atribuídas nesta lei a outros órganos.

n) As demais atribucións que lle correspondan de acordo coas disposicións legais vixentes, e aquelas que a lexislación do Estado ou da Comunidade de Madrid asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

2. A Xunta de Goberno poderá delegar ou desconcentrar nalgún dos seus membros, nos demais concelleiros e, se é o caso, nos órganos directivos, as funcións enumeradas no punto anterior con excepción das previstas nas alíneas a), b), c), d), h) e i).

Artigo 18. *Estatuto dos titulares e membros dos órganos executivos de dirección política e administrativa.*

1. Sen prexuízo dos requisitos específicos previstos para cada caso, para ser titular ou membro dun órgano executivo de dirección política e administrativa requírese, en todo caso, ser maior de idade, gozar dos dereitos de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais e non estar inhabilitado para exercer emprego ou cargo público por sentenza xudicial firme.

2. Os titulares ou membros de órganos executivos de goberno quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido para os concelleiros na lexislación de réxime local e nesta lei.

CAPÍTULO II

Administración pública

Artigo 19. *Principios xerais.*

1. A Administración do Concello de Madrid organízase e actúa, con sometemento pleno á lei e ao dereito, de acordo cos principios de xerarquía, eficacia, descentralización funcional, desconcentración, coordinación e servizo ao cidadán.

2. A Administración do Concello de Madrid, baixo a superior dirección do alcalde, serve con obxectividade aos intereses xerais da cidade de Madrid, desenvolvendo as funcións executivas e administrativas que lle correspondan de acordo co previsto nesta lei e nas demais disposicións que resulten de aplicación.

3. Nas súas relacións coas demais administracións públicas axustarase aos principios de información, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos compe-

tenciais respectivos. Nas súas relacións cos cidadáns actúa de conformidade cos principios de transparencia e participación.

Artigo 20. *Organización administrativa.*

A organización da Administración do Concello de Madrid correspóndelle a este no marco das disposicións contidas nesta lei.

Artigo 21. *Órganos directivos.*

1. A Xunta de Goberno, no marco do que se dispoña no correspondente regulamento orgánico, poderá crear órganos directivos no ámbito da Administración do Concello de Madrid.

2. Os titulares dos órganos directivos serán nomeados atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia, sen prexuízo do establecido nesta lei e de acordo co que se determine, de ser o caso, no correspondente regulamento orgánico.

3. Correspóndelles aos órganos directivos desenvolver e executar os plans de actuación e as decisións adoptadas polos órganos executivos de dirección política e administrativa competentes. En particular, correspóndelles o impulso da execución das decisións adoptadas polos órganos políticos, a planificación e coordinación de actividades, avaliación e proposta de innovación e mellora en relación cos servizos e actividades do seu ámbito competencial, sen prexuízo das funcións específicas que se lles deleguen ou se lles atribúan como propias.

4. Os titulares dos órganos directivos quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e noutras normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación.

Artigo 22. *Os distritos.*

1. O Pleno deberá crear distritos, como divisións territoriais propias, dotadas de órganos de xestión descentrada, para impulsar e desenvolver a participación cidadá na xestión dos asuntos municipais e a súa mellora, sen prexuízo da unidade de goberno e xestión da cidade.

2. A presidencia do distrito corresponderalle en todo caso a un concelleiro.

Artigo 23. *Intervención Xeral.*

1. A Intervención Xeral é o órgano directivo ao cal lle corresponde o control interno da xestión económica e financeira do sector público municipal e a función contable. A dita función exercerase con plena autonomía respecto das autoridades e demais entidades cuxa xestión controle.

A Intervención Xeral do Concello de Madrid exercerá as súas funcións nos termos establecidos no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2. O titular da Intervención Xeral deberá ser un funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional. O seu nomeamento corresponderalle á Xunta de Goberno e a provisión do posto será efectuada polos sistemas previstos no artigo 99 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e nas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, e requirirá, en todo caso, unha previa convocatoria pública.

Artigo 24. *Tesouraría.*

1. A Tesouraría é o órgano directivo ao cal lle corresponde a xestión dos recursos e disponibilidades financeiras do Concello de Madrid nos termos previstos no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. O titular da Tesouraría deberá ser un funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional. O seu nomeamento corresponderalle á Xunta de Goberno e a provisión do posto efectuarase polos sistemas previstos no artigo 99 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e nas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, e requirirá, en todo caso, unha convocatoria pública previa.

Artigo 25. *Tribunal Económico-Administrativo Municipal de Madrid.*

1. Correspóndenlle ao Tribunal Económico-Administrativo Municipal de Madrid as seguintes funcións:

a) O coñecemento e resolución das reclamacións que se interpoñan en relación coa aplicación dos tributos e a imposición de sancións tributarias que realicen o Concello de Madrid e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes deste, sempre que se trate de materias da súa competencia ou, tratándose de competencias delegadas, cando así o prevexa a norma ou o acordo de delegación.

b) O coñecemento e resolución das reclamacións que se interpoñan contra as resolucións e os actos de trámite que decidan, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, relativo aos actos recadatorios referidos a ingresos de dereito público non tributarios do Concello de Madrid e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes deste.

c) No caso de ser requirido polos órganos municipais competentes en materia tributaria, a elaboración de estudos e propostas nesta materia e o ditame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais.

2. A resolución que se dite pon fin á vía administrativa e contra ela soamente caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo.

3. Non obstante, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar previamente contra os actos previstos no punto 1. a) e b) o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Contra a resolución, se é o caso, do citado recurso de reposición, poderá interpoñerse reclamación económico-administrativa ante o órgano previsto neste artigo.

4. Estará constituído por un número impar de membros, cun mínimo de tres, designados polo Pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente o integren, de entre persoas de recoñecida competencia técnica, e cesarán por algunha das seguintes causas:

- a) Por petición propia.
- b) Cando o acorde o Pleno coa mesma maioría que para o seu nomeamento.
- c) Cando sexan condenados mediante sentenza firme por delito doloso.
- d) Cando sexan sancionados mediante resolución firme pola comisión dunha falta disciplinaria moi grave ou grave.

Soamente o Pleno poderá acordar a incoación e a resolución do correspondente expediente disciplinario, que se rexerá, en todos os seus aspectos, pola normativa aplicable en materia de réxime disciplinario aos funcionarios do concello.

5. O seu funcionamento basearase en criterios de independencia técnica, celeridade e gratuidade. A súa composición, competencias, organización e funcionamento, así como o procedemento das reclamacións será regulado por regulamento aprobado polo Pleno, de acordo en todo caso co establecido na Lei xeral tributaria e na normativa estatal reguladora das reclamacións económico-administrativas, sen prexuízo das adaptacións necesarias en consideración ao ámbito de actuación e funcionamento do tribunal.

6. A reclamación regulada neste artigo enténdese sen prexuízo dos supostos en que a lei prevé a reclamación económico-administrativa ante os tribunais económico-administrativos do Estado.

Artigo 26. *Ente autónomo de xestión tributaria.*

1. Para a consecución dunha xestión integral do sistema tributario municipal, rexido polos principios de eficiencia, suficiencia, axilidade e unidade na xestión, o Pleno poderá crear un ente autónomo de xestión tributaria, responsable de exercer como propias as competencias municipais de xestión en materia tributaria.

2. O Pleno determinará as competencias, organización e funcionamento do dito ente, ao cal lle corresponderá exercer a función de recadación, respectando, se é o caso, o disposto na lexislación básica en materia de goberno e Administración local.

3. A función de recadación será exercida polo titular do ente de xestión tributaria, así como polos funcionarios adscritos a este de acordo coas disposicións que, se é o caso, se adopten.

Artigo 27. *Órgano para a defensa dos dereitos dos veciños.*

1. O Pleno poderá crear un órgano especializado para a defensa dos dereitos dos veciños ante a Administración municipal, cuxo funcionamento se regulará en normas de carácter orgánico.

2. O devandito órgano poderá supervisar a actividade da Administración municipal, e deberá dar conta ao Pleno, mediante un informe anual, das queixas presentadas e das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais, con especificación das suxestións ou recomendacións non admitidas pola Administración municipal. Non obstante, tamén poderá realizar informes extraordinarios cando a gravidade ou a urxencia dos feitos o aconsellen.

3. Para o desenvolvemento das súas funcións, todos os órganos de Goberno e da Administración municipal están obrigados a colaborar co referido órgano.

Artigo 28. *Asesoría Xurídica.*

1. A asistencia xurídica ao alcalde, á Xunta de Goberno e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento xurídico e da representación e defensa en xuízo do concello e dos organismos autónomos e entidades públicas empresariais municipais, corresponderalles aos letrados do Concello de Madrid integrados na Asesoría Xurídica.

2. A Asesoría Xurídica é un órgano directivo cuxo titular será nomeado e separado pola Xunta de Goberno, entre funcionarios do Estado, das comunidades autónomas ou dos entes locais aos cales se lles exixa, para o seu ingreso, o título de licenciado en dereito, ou ben funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

3. Conforme o disposto no punto terceiro do artigo 551 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, o concello e os organismos autónomos e entidades

públicas empresariais locais poderán designar para a súa representación e defensa en xuízo a avogado colexiado ou confiar a este soamente a defensa e a representación a un procurador.

4. Correspóndelles igualmente aos letrados do Concello de Madrid a representación e defensa en xuízo do Pleno, nos termos que este determine.

5. Os letrados do Concello de Madrid poderán asumir o asesoramento xurídico, así como a representación e defensa en xuízo das sociedades mercantís locais e das fundacións de participación municipal, mediante a subscripción do oportuno convenio no cal se determinará a compensación económica que se aboará á Facenda municipal.

6. Os avogados do Estado poderán representar, defender e asesorar o Concello de Madrid mediante a subscripción do oportuno convenio de colaboración, nos termos contidos na súa lexislación específica, por proposta ou logo de audiencia do titular da Asesoría Xurídica.

Artigo 29. Representación e defensa en xuízo de autoridades e empregados públicos.

Nos termos que sexan establecidos polo Pleno, os letrados do Concello de Madrid poderán asumir a representación e defensa en xuízo das autoridades, funcionarios e empregados do concello ou dos seus organismos autónomos e entidades públicas empresariais, calquera que sexa a súa posición procesual, cando os procedementos se sigan por actos ou omisións relacionados co cargo e non exista conflito de intereses.

Artigo 30. Especialidades procesuais.

1. No exercicio das funcións de asistencia xurídica a que se refiren os artigos anteriores, os letrados do Concello de Madrid ante os xulgados e tribunais de xustiza de toda orde terán os dereitos, deberes e prerrogativas establecidos para o asesoramento xurídico e a representación e defensa en xuízo da Administración xeral do Estado.

2. En concreto, as regras contidas nos artigos 11, 12, 13.1, 14 e 15 da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas e a súa normativa de desenvolvemento, serán de aplicación ao Concello de Madrid e entidades públicas dependentes.

TÍTULO III

Competencias municipais

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 31. Réxime xeral de competencias.

O Concello de Madrid pode promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que afecten o interese xeral dos cidadáns e non estean expresamente atribuídos a outras administracións públicas. Nestes supostos, o concello pode levar a cabo actividades complementarias ás realizadas por esas Administracións.

Artigo 32. Competencias municipais.

1. As competencias do Concello de Madrid son propias ou atribuídas pola Administración xeral do Estado en réxime de delegación ou de encomenda de xestión.

2. Así mesmo, son competencias do Concello de Madrid as que lle transfira ou delegue a Comunidade de Madrid en aplicación das disposicións contidas na Lei 3/2003, do 11 de marzo, para o desenvolvemento do pacto local, en relación cos artigos 138 e seguintes da Lei 2/2003, do 11 de marzo, de Administración local da Comunidade de Madrid.

Artigo 33. Competencias propias.

Son competencias propias todas as asignadas en calidade de tales aos municipios en xeral e aos de gran poboación, sexa directamente pola lexislación de réxime local, sexa pola lexislación estatal ou autonómica reguladora dos distintos sectores da acción administrativa.

Cando estas competencias teñan unha regulación específica nesta lei entenderanse asignadas nos termos establecidos nesta.

Artigo 34. Competencias delegadas e encomenda de xestión.

1. A atribución de competencias en réxime de delegación efectuarase de acordo coa normativa que resulte de aplicación.

2. A encomenda de xestión de determinadas actividades de carácter material, técnico ou de servizos, derivadas de competencias administrativas da Administración xeral do Estado e da Comunidade de Madrid, de conformidade co disposto na lexislación estatal e autonómica que resulte de aplicación, require a aceptación polo Pleno e formalízase mediante convenio suscrito para o efecto.

CAPÍTULO II

Seguranza pública

Artigo 35. Competencias en materia de seguranza pública.

En materia de seguranza pública ao Concello da cidade de Madrid correspóndenlle as seguintes competencias:

1. A protección e custodia de autoridades, edificios, instalacións, dependencias, infraestruturas e equipamentos municipais, así como a colaboración coas administracións competentes en materia de seguranza.

2. En colaboración coas administracións competentes, a prevención, mantemento e restablecemento da seguranza cidadá e tratar de garantila no referente a aqueles actos que ocasionen molestia social ou danos sobre bens e persoas na vía pública.

3. O exercicio das competencias que en materia de policía administrativa e policía de seguranza lle atribúe a normativa estatal, así como a denuncia nas materias de policía administrativa especial de competencia estatal.

4. A policía municipal exercerá as competencias que en materia de policía xudicial lle atribúe a normativa estatal.

Artigo 36. Participación do Estado na Xunta Local de Seguranza de Madrid.

1. A Xunta Local de Seguranza de Madrid exerce as funcións que lle atribúe a súa normativa reguladora.

2. Nas sesións da Xunta Local de Seguranza de Madrid poderán participar como vogais, de acordo coa Administración do Estado, os mandos das Forzas e Corpos de Seguranza do Estado que teñan responsabilidades funcionais no municipio, así como, se é o caso, un xuíz ou maxistrado designado pola Sala de Goberno do Tribunal

Superior de Xustiza e un fiscal designado polo fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza.

CAPÍTULO III

Participación nas infraestruturas da Administración xeral do Estado

Artigo 37. *Participación do Concello na xestión de infraestruturas, servizos e equipamentos.*

1. O Concello de Madrid participará, conforme o que se estableza na lexislación sectorial correspondente, na xestión das infraestruturas, servizos e equipamentos cuxa titularidade corresponda á Administración xeral do Estado que afecten directamente a cidade de Madrid.

2. A participación do concello da cidade de Madrid na xestión de infraestruturas de titularidade da Administración xeral do Estado, non impedirá que o concello exerza as súas competencias propias en materia de planeamento, xestión e disciplina urbanísticas, seguranza e policía local, protección civil e prevención e extinción de incendios, protección da salubridade pública, mobilidade e ordenación do tráfico de vehículos, ambiente e calquera outra que así mesmo lle corresponda ao concello.

3. A participación do Concello de Madrid na xestión das infraestruturas, servizos e equipamentos do Estado farase sen menoscabo da participación nesta da Comunidade de Madrid.

CAPÍTULO IV

Seguranza viaria

Artigo 38. *Ámbito material de aplicación das competencias do Concello de Madrid en materia de mobilidade.*

Nos termos desta lei e da lexislación sobre tráfico, circulación e seguranza viaria, o Concello de Madrid exerce as competencias que ten atribuídas en materia de tráfico, circulación e seguranza viaria sobre as vías urbanas e sobre as travesías, cando estas fosen declaradas vías urbanas, así como sobre calquera espazo aberto á libre circulación de persoas, animais e vehículos, sen prexuízo das competencias que por razóns de seguranza cidadá correspondan a outras Administracións nos mesmos ámbitos territoriais.

Artigo 39. *Ordenación local do tráfico.*

1. O Concello de Madrid regulará os distintos usos das vías e os espazos públicos urbanos de tránsito e circulación de persoas, animais e vehículos, así como o devandito tránsito e circulación, coa finalidade de harmonizar os distintos usos, incluídos o peonil, o de circulación, o de estacionamento, o deportivo e o lúdico, e facelos compatibles de forma equilibrada coa garantía da seguranza viaria, a mobilidade e fluidez do tráfico, a protección do ambiente e a protección da integridade dos espazos públicos e privados.

2. As ordenanzas que regulen o tránsito poderán tipificar infraccións e determinar sancións para facer efectivos os seus mandatos, de acordo cos criterios establecidos polas leis.

3. En especial, as ordenanzas municipais de acordo co que sexa establecido pola lexislación estatal e autonómica aplicable:

a) Establecen os límites por enriba dos cales se prohibe a emisión de perturbacións electromagnéticas, rú-

dos, gases e outros contaminantes en ou sobre as vías e os espazos públicos urbanos.

b) Determinan os procedementos e os instrumentos necesarios para controlar e sancionar, se é o caso, os titulares ou usuarios de vehículos de motor ou ciclomotores que fagan uso indebido dos sinais acústicos, emitan fumes ou produzan rúidos molestos cos seus vehículos.

Nos casos en que as molestias sexan graves ou reiteradas, sen prexuízo da imposición, se é o caso, da sanción que corresponda, poderase establecer mediante ordenanza municipal a inmovilización cautelar do vehículo ou ciclomotor, e a intervención do permiso ou licenza de circulación deste, concedéndoselle ao titular do vehículo un prazo de cinco días para que proceda a emendar as deficiencias que motiven as perturbacións citadas no parágrafo anterior.

Artigo 40. *Competencias en materia de seguranza viaria.*

Correspóndelle ao Concello de Madrid a policía administrativa preventiva da seguranza viaria en toda clase de vías urbanas, incluíndo a ordenación, sinalización e dirección do tráfico e o uso das vías, a vixilancia e protección do mobiliario urbano público e os sinais de ordenación da circulación e a instrución de atestados en caso de accidentes de circulación.

Esta competencia comprende en todo caso:

a) A regulación e o control de calquera dos usos de que sexan susceptibles as vías e os espazos abertos ao tránsito de persoas, animais e toda clase de vehículos e do tráfico e a circulación por eles, garantindo, en todo caso, os dereitos fundamentais das persoas.

A regulación comprende a sinalización correspondente; a limitación e, se é o caso, restrición ou prohibición da circulación e o estacionamento, cando proceda de acordo co ordenamento xurídico; a imposición da exhibición en lugar visible de distintivo ou, se é o caso, a instalación dun mecanismo substitutivo para a acreditación do cumprimento da obriga legal de aseguramento, da autorización de acceso a zonas restrinxidas e o pagamento do imposto de vehículos de tracción mecánica; e o establecemento de medidas de discriminación positiva por razón de discapacidade.

O control comprende a intervención previa mediante suxeición a autorización; a adopción das medidas cautelares que proporcionalmente requira a seguranza pública, incluídas as de inmovilización e retirada de vehículos e de toda clase de obxectos que representen perigo; e a realización das probas pertinentes para a determinación da influencia de drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou bebidas alcohólicas nas persoas que poñan en perigo a seguranza viaria.

b) A aprobación de plans de seguranza viaria e de mobilidade, e, se é o caso, a participación naqueles plans que deban aprobar a Comunidade de Madrid ou a Administración xeral do Estado, de acordo co previsto na lexislación sectorial correspondente.

c) O control das detencións, as paradas e os estacionamentos nas vías e os espazos públicos, así como da utilización, en xeral, do dominio público e dos espazos libres municipais. A devandita función comprende a adopción da medida de inmovilización ou retirada de vehículos.

d) A autorización de probas deportivas cando discorran íntegra e exclusivamente polo núcleo urbano, exceptuadas as travesías, salvo que estas teñan a consideración de vías urbanas. Así mesmo, corresponderalle a vixilancia e protección das que autorice.

O informe, que será preceptivo, para a autorización de probas deportivas cando discorran en parte do seu percorrido polo termo municipal de Madrid.

e) A adopción das medidas necesarias para a concesión da tarxeta de aparcamento para persoas discapacitadas con problemas graves de mobilidade ou para terceiros que teñan recoñecida tal condición e para a efectividade dos dereitos que desta derivan, tendo en conta a Recomendación do Consello da Unión Europea do 4 de xuño de 1998 sobre creación dunha tarxeta de estacionamento para as persoas con discapacidade.

f) A sanción das infraccións da normativa correspondente en materia de seguranza viaria, cando esta lle atribúa a referida competencia.

Artigo 41. *Medidas cautelares.*

Cando así o demande a seguranza viaria e a efectividade da ordenación do uso das vías e os espazos públicos, o Concello de Madrid, nos termos regulados por ordenanza municipal, pode adoptar, observando o principio de proporcionalidade, as seguintes medidas:

1.^a A inmovilización de toda clase de vehículos, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento das normas de estacionamento, incluídas as que limiten este no tempo, ata a identificación do condutor.

b) Superación dos niveis máximos permitidos de emisión de gases, fumes e rúidos permitidos polas ordenanzas municipais segundo o tipo de vehículo, mentres non sexan emendadas as causas do incumprimento dos ditos niveis.

c) Incumprimento da obriga de solicitude de rexistro de transferencia da titularidade do vehículo dentro do prazo establecido para este fin polas normas de aplicación.

d) Circulación sen cobertura do preceptivo seguro, sen prexuízo das competencias sancionadoras da Administración competente en materia de responsabilidade civil e seguros na circulación de vehículos de motor.

2.^a A retirada de toda clase de vehículos e o seu posterior depósito nas dependencias habilitadas para o efecto, nos seguintes supostos:

a) Cando obstaculicen ou dificulten a circulación.

b) Cando poñan en perigo a circulación ou supoñan un risco para as persoas ou os bens.

c) Estacionamento indebido nas zonas de estacionamento restrinxido.

A comprobación da concorrencia do suposto lexitimante da retirada e a orde de que se leve a cabo esta poden efectuarse de forma remota, a través de fotografías, filmación dixital e outros medios tecnolóxicos. Por ordenanza municipal, e de acordo coa lexislación vixente na materia, regularanse as garantías que deben reunir os aparellos a través dos cales se realice a captación e transmisión destas imaxes e a súa incorporación ao expediente administrativo.

d) A actividade de ofrecemento en venda do propio vehículo ou a realización de calquera negocio xurídico non autorizado en vehículos estacionados na vía pública.

Os gastos derivados da inmovilización ou retirada do vehículo son por conta do titular, sendo o seu aboamento ou a garantía do seu pagamento requisito previo para o alzamento da medida.

3.^a A realización das probas regulamentariamente establecidas para determinar o grao de intoxicación alcohólica, por estupeficientes, psicotrópicos ou estimulantes, de acordo coa lexislación aplicable.

4.^a A limitación da circulación de determinados vehículos, a suspensión desta e o peche de vías urbanas cando sexa necesario para preservar a seguranza, o ambiente ou a protección do patrimonio, de acordo coa lexislación aplicable.

5.^a Os axentes da autoridade poderán denunciar o titular do vehículo, no caso de que sexa residente en Madrid, se incumprir a obriga de acreditar, xunto á documentación preceptiva do vehículo, o documento que xustifique o pagamento ou a exención, de ser o caso, do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Artigo 42. *Xestión do cobramento das sancións en materia de circulación.*

Os órganos municipais competentes para impoñer as sancións de circulación poden solicitar doutras administracións do mesmo ou de distinto nivel, de acordo co principio de colaboración interadministrativa e os oportunos convenios, a execución das ordes de embargo que ditasen, sen prexuízo do establecido no artigo 8 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 43. *Distintivos dos vehículos.*

1. Co fin de acreditar o cumprimento da obriga de aseguramento do vehículo, o concello poderá crear e regular, mediante a correspondente ordenanza, un distintivo adhesivo, para os que estean domiciliados na cidade de Madrid, para a súa exhibición no vehículo, sen prexuízo do disposto no artigo 41.1.^a d).

2. Para os vehículos cuxo titular estea obrigado ao pagamento do imposto de vehículos de tracción mecánica na cidade de Madrid, mediante ordenanza municipal poderase impoñer a obriga de exhibir en lugar visible do vehículo un adhesivo xustificativo do pagamento ou exención do imposto. En calquera caso, o titular do vehículo ou o seu condutor, cando for requirido para iso polos axentes da autoridade, deberán acreditar o cumprimento das súas obrigas fiscais na materia exhibindo o preceptivo xustificante.

3. Os distintivos a que se refiren os puntos anteriores serán regulados nas correspondentes ordenanzas, se fosen implantados, nas súas características e uso, a súa posible substitución por outros medios, incluso dixitais, que lles permitan aos axentes da autoridade controlar, con inmediatez, o cumprimento daquelas obrigas.

Artigo 44. *Persoal auxiliar da policía municipal.*

1. O concello poderá nomear persoal auxiliar para controlar a adecuada utilización das paradas de estacionamento na vía pública e denunciar as condutas contrarias ás normas que regulen a súa utilización.

2. As denuncias realizadas por persoal auxiliar, sen prexuízo das formalidades e requisitos de procedementos exixidos pola norma, serán utilizadas como elemento probatorio para acreditar os feitos obxecto das denuncias. Ao expediente administrativo que poida instruírse incorporase unha imaxe do vehículo, xa sexa en fotografía, filmación dixital ou outros medios tecnolóxicos, que permitan avalar a denuncia formulada.

Artigo 45. *Ordenación do tráfico.*

1. Para o exercicio das funcións de ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no núcleo urbano, de acordo co establecido nas normas de circulación, por acordo do Pleno poderá crearse un corpo de funcionarios, de conformidade coa autorización contida no punto 3 do artigo 53 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza, engadido pola disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro.

2. Os ditos funcionarios non se integrarán nas forzas e corpos de seguranza e, no exercicio das súas funcións, terán a consideración de axentes da autoridade subordi-

nados aos membros da Policía Local do Concello de Madrid.

Artigo 46. *Embargo dos vehículos.*

A tramitación dos procedementos de recadación executiva realizarase de conformidade coas normas xerais de aplicación. Exceptúase destas regras a orde a observar no embargo de bens do debedor, suposto no que, inmediatamente despois do diñeiro en efectivo ou en contas abertas nas entidades de depósito, se poderá proceder ao embargo do vehículo do cal sexa titular o responsable da infracción obxecto da sanción, sen prexuízo de seguir despois a orde establecida nas normas de recadación correspondentes.

CAPÍTULO V

Bens inmoables

Artigo 47. *Desafectación de inmoables do Estado.*

Cando se produza a desafectación de inmoables radicados na cidade de Madrid, propiedade da Administración xeral do Estado, destinados á prestación de calquera tipo de servizo público, incluídas as redes de instalacións e calquera outra infraestrutura, poderase proceder mediante convenio ao seu alleamento preferente ao concello da cidade de Madrid ou ás súas entidades de dereito público que teñan atribuídas competencias en materia de vivenda e, se é o caso, á Comunidade de Madrid, sempre que vaian destinarse a usos dotacionais públicos, á construción de vivendas de protección oficial de titularidade pública ou ao uso como vivenda de titularidade pública para aluguer. No convenio estableceranse as contraprestacións que deriven do alleamento, sen prexuízo do previsto no artigo 145 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

TÍTULO IV

Réxime xurídico e procedemento

Artigo 48. *Procedemento de aprobación das normas de competencia do Pleno.*

1. A elaboración e aprobación das ordenanzas e regulamentos e dos estatutos dos organismos autónomos e entidades públicas empresariais, con excepción do planeamento urbanístico, que se rexerá pola súa normativa específica, axustarase ao procedemento establecido neste artigo.

2. A iniciativa para a aprobación das normas de competencia do Pleno corresponde:

- a) Á Xunta de Goberno, mediante remisión do correspondente proxecto.
- b) Aos grupos políticos e aos concelleiros.
- c) A un número de cidadáns igual ou superior ao 10 por 100 dos veciños da cidade, de conformidade co establecido na normativa básica aplicable.

Exclúese da iniciativa cidadá, en todo caso, a materia tributaria local.

3. No caso dos proxectos, aplicarase o procedemento seguinte:

- a) A Xunta de Goberno aprobará o proxecto inicial, e someterao ao trámite de alegacións se afecta os dereitos e intereses lexítimos dos cidadáns, durante un prazo non inferior a trinta días naturais.

b) Examinadas as alegacións, o proxecto definitivo será aprobado pola Xunta de Goberno e remitido ao Pleno, para a súa tramitación conforme o disposto polo seu regulamento orgánico. Na remisión, o proxecto irá acompañado de todas as alegacións recibidas e da memoria que recolla a súa valoración.

c) A comisión competente emitirá ditame sobre o proxecto.

d) O Pleno, en acto único, aprobará a norma.

e) A norma aprobada polo Pleno publicarase integramente no Boletín Oficial de la Comunidad de Madrid e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación, salvo que a propia norma dispoña outra cousa, todo iso sen prexuízo da súa publicación no boletín da cidade de Madrid.

f) Sen prexuízo do anterior, a aprobación da norma comunicarase á Administración xeral do Estado e á Administración da Comunidade de Madrid.

4. No caso das proposicións dos grupos políticos e dos concelleiros, observarase o procedemento establecido no punto anterior, coas seguintes especialidades:

a) A proposición, acompañada dunha memoria suscrita polo seu autor, remitirase á comisión correspondente, para o seu ditame.

b) Una vez ditaminada pola comisión, se a proposición afecta os dereitos e intereses lexítimos dos cidadáns someterase ao trámite de alegacións durante un prazo non inferior a trinta días naturais.

c) A comisión competente propondrá ao Pleno a resolución das alegacións presentadas e a aprobación en acto único da norma resultante.

5. A presentación de emendas por parte dos concelleiros, así como a súa tramitación en comisión e Pleno, axustarase ao que dispoña o regulamento orgánico do Pleno.

6. Toda proposición ou emenda que supoña aumento dos créditos ou diminución dos ingresos orzamentarios do exercicio económico en curso requirirá a conformidade da Xunta de Goberno para a súa tramitación.

Artigo 49. *Procedemento de aprobación do orzamento.*

1. A iniciativa para a aprobación do orzamento xeral do Concello de Madrid correspóndelle en exclusiva á Xunta de Goberno local.

2. O orzamento xeral do Concello de Madrid tramitarase conforme o procedemento común establecido no artigo anterior para os proxectos normativos, coas especialidades que se establecen neste artigo, que serán desenvolvidas polo regulamento orgánico do Pleno.

3. O proxecto de orzamento exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial de la Comunidad de Madrid, por quince días naturais, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar alegacións.

Para estes efectos, terán a consideración de interesados:

- a) Os veciños de Madrid.
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non residan no municipio de Madrid.
- c) Os colexios profesionais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

4. Os interesados poderán presentar alegacións, nos seguintes supostos:

- a) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas exixibles ao municipio, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

b) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados, ou ben estes respecto ás necesidades para as cales estean previstos.

5. O proxecto de orzamento remitirase ao Pleno antes do día 1 de novembro.

6. As emendas que supoñan modificación de ingresos requirirán, para a súa tramitación, a conformidade da Xunta de Goberno.

7. As emendas que afecten os créditos para gastos deberán presentar compensando os incrementos e minoracións de créditos no seo da sección orzamentaria a que se refiran.

Artigo 50. *Práctica de notificacións.*

1. A práctica das notificacións dos actos, acordos e resolucións adoptadas polos distintos órganos do Concello da Cidade de Madrid poderáselle encomendar a persoal auxiliar municipal habilitado para o efecto.

2. As notificacións practicadas por este persoal auxiliar municipal teñen como efecto a constancia fidedigna da súa recepción ou rexeitamento polo destinatario.

3. En todo caso, o concello debe procurar e fomentar que os cidadáns poidan recibir as notificacións dos procedementos que os afecten a través de medios tecnolóxicos, informáticos ou de telecomunicacións.

Artigo 51. *Boletín da cidade de Madrid e taboleiro de edictos.*

1. Sen prexuízo da obriga contida nas leis e regulamentos respecto da publicación de actos e disposicións nos diarios oficiais correspondentes, o Concello da Cidade de Madrid poderase dotar dun boletín propio con formato electrónico ou informático.

2. Así mesmo, o taboleiro de edictos do Concello da Cidade de Madrid poderase realizar a través de medios electrónicos ou informáticos. Neste suposto deberase garantir o libre acceso dos cidadáns a este, mediante a instalación de terminais con acceso ao taboleiro de edictos en todas as xuntas de distrito e dependencias municipais.

Artigo 52. *Medidas para o cumprimento da legalidade.*

1. O alcalde e a Xunta de Goberno poden impoñer multas coercitivas de ata 3.000 euros como medio de execución forzosa dos seus actos, reiteradas por cantos períodos de 15 días sexan suficientes para cumprir o ordenado, nos seguintes supostos:

- Actos persoalísimos en que non proceda a compulsión directa sobre a persoa do obrigado.
- Actos en que, procedendo a compulsión, a Administración non a estimase conveniente.
- Actos cuxa execución poida o obrigado encargar a outra persoa.

2. A multa coercitiva é independente da ou das sancións que poidan impoñerse con tal carácter e compatible con elas.

Dentro dos supostos previstos no punto primeiro deste artigo, mediante ordenanza municipal estableceranse os casos concretos en que poida impoñerse a multa coercitiva, a graduación da súa contía en función da gravidade do incumprimento realizado, sen que en ningún caso poida superarse o límite máximo de 3.000 euros e as súas actualizacións anuais conforme a evolución anual do IPC.

3. Na imposición de sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nas ordenanzas por resolución motivada do órgano que

resolva o expediente sancionador, poderase substituír a sanción económica por traballos en beneficios da comunidade, a asistencia obrigatoria a cursos de formación, a sesións individualizadas ou calquera outra medida alternativa que teña a finalidade de sensibilizar o infractor sobre cales son as normas de conduta no espazo urbano ou reparar o dano moral das vítimas.

Artigo 53. *Fin da vía administrativa.*

Ademais dos previstos no artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, poñen fin á vía administrativa os actos ditados polos órganos municipais cando exerzan competencias atribuídas polo alcalde e a Xunta de Goberno mediante a técnica da desconcentración prevista nesta lei.

Artigo 54. *Remisión de acordos.*

O Concello de Madrid remitiralle á Administración xeral do Estado e á da Comunidade de Madrid copia dos acordos que adopte o Pleno, nos prazos e formas que se determinen regulamentariamente. Os acordos que adopten os órganos do goberno municipal e os órganos directivos serán remitidos ás referidas administracións, logo de requirimento destas.

Artigo 55. *Funcións de fe pública.*

As funcións de fe pública dos actos e acordos dos órganos unipersoais e as demais funcións de fe pública, agás aquelas que estean atribuídas ao secretario xeral do Pleno, ao secretario da Xunta de Goberno e ao secretario do consello de administración das entidades públicas empresariais, serán exercidas polos titulares dos órganos directivos ou persoal funcionario ao servizo do Concello da Cidade de Madrid que determine a Xunta de Goberno.

Disposición adicional primeira. *Constitución da Comisión Interadministrativa de Capitalidade.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, procederase á constitución da Comisión Interadministrativa de Capitalidade prevista no artigo 5. O Estado, a través do Ministerio de Administracións Públicas, convocará no devandito prazo as demais administracións, con obxecto de proceder á aprobación do regulamento interno da comisión.

Disposición adicional segunda. *Competencias municipais e lexislación sectorial.*

1. A lexislación sectorial non poderá alterar a distribución interna de competencias realizada por esta lei entre o Pleno, o alcalde e a Xunta de Goberno.

2. As competencias que, no momento da entrada en vigor desta lei, a lexislación sectorial lles atribúe aos distintos órganos do Concello de Madrid, exerceranse conforme a distribución de competencias prevista nesta.

Disposición adicional terceira. *Instalación subterránea das redes de servizos públicos e de interese xeral.*

1. Todas as instalacións propias das redes dos servizos públicos de subministracións e de interese xeral que discorran polo termo municipal deben ser subterráneas e axustar a súa situación e trazado ao planeamento urbano e, se é o caso, ás ordenanzas de utilización do dominio público municipal. Soamente en caso de concorrencia de urxencia ou de impracticabilidade técnica ou económica pode o concello autorizar a súa instalación en

superficie ou aérea, sen prexuízo das competencias urbanísticas da Comunidade de Madrid.

2. As instalacións xa existentes ao tempo da entrada en vigor desta lei deben ser soterradas cando así o dispoña o planeamento urbanístico ou as correspondentes ordenanzas de utilización do dominio público municipal e nos prazos que un e outras establezan. A imposición do soterramento só dá lugar a indemnización unicamente polo importe do valor das instalacións existentes que non deban considerarse amortizadas ao tempo en que deba efectuarse o dito soterramento.

Disposición adicional cuarta. *Regulacións específicas.*

A xestión e alleamento dos bens inmobles, as instalacións, as telecomunicacións e os servizos técnicos do Ministerio de Defensa e os seus organismos públicos, radicados na cidade de Madrid, rexeráse pola súa lexislación específica.

Disposición adicional quinta. *Tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade.*

As tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade emitidas polas autoridades municipais con acordo ao modelo establecido na Recomendación 98/376/CE do Consello, do 4 de xuño de 1998, sobre a creación dunha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, terán validez en todo o territorio estatal, con independencia do municipio de procedencia do titular.

Disposición adicional sexta. *Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.*

O Rexistro da Propiedade non practicará a inscrición correspondente de ningún documento que conteña acto ou contrato determinante das obrigas tributarias polo imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana no Concello de Madrid, sen que se acredite previamente, de acordo co que se estableza regulamentariamente, ter presentado a autoliquidación ou, se é o caso, a correspondente declaración ou comunicación.

O Concello de Madrid, mediante regulamento orgánico, poderá adaptar as denominacións dos órganos necesarios recollidos nesta lei ás que se establezan na normativa básica do réxime local.

Disposición transitoria primeira. *Adecuación ás previsións contidas nesta lei.*

O Pleno do Concello de Madrid disporá dun prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei para aprobar a adaptación da súa organización ao previsto nesta. Mentres non se aproban tales normas, continuarán en vigor as disposicións que regulen estas materias no momento de entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Réxime de incompatibilidades.*

Aos concelleiros do Concello de Madrid seralles de aplicación a incompatibilidade establecida no artigo 2.4 da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

O dito réxime terá vixencia ata a data da entrada en vigor da nova Lei reguladora das bases do Goberno e a Administración local, a partir da cal será de aplicación o réxime previsto nesta.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan sen efecto os artigos do texto articulado da Lei especial para o municipio de Madrid, aprobado polo Decreto 1674/1963, do 11 de xullo, non derogados expresamente por disposicións anteriores a esta lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Esta lei dítase de acordo co disposto no artigo 6 da Lei orgánica 3/1983, do 25 de febreiro, de Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Madrid, e ao abeiro dos seguintes títulos competenciais:

149.1.4.^a da Constitución: a disposición adicional cuarta.

149.1.6.^a da Constitución: o artigo 30.

149.1.8.^a da Constitución: a disposición adicional sexta.

149.1.18.^a da Constitución: os artigos 1 a 29; 31 a 34; 47 a 55; disposicións adicionais primeira, segunda e terceira.

149.1.20.^a, 21.^a e 24.^a da Constitución: o artigo 37.

149.1.21.^a da Constitución: os artigos 38 a 46 e a disposición adicional quinta.

149.1.29.^a da Constitución: os artigos 35 e 36.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

12308 *LEI 23/2006, do 7 de xullo, pola que se modifica o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril. («BOE» 162, do 8-7-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

O proceso de reforma e actualización da normativa española sobre propiedade intelectual, vinculado ás novas tecnoloxías e propio da década de 1990, foi impulsado de forma significativa a través de oito directivas comunitarias que conforman un proceso, aínda en curso, de formación dun dereito europeo da propiedade intelectual.

A razón desta reforma do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, responde á necesidade de incorporar ao dereito español unha das últimas directivas aprobadas en materia de propiedade intelectual, a Directiva 2001/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, relativa á harmonización de determinados aspectos dos dereitos de autor e dereitos afíns aos dereitos de autor na sociedade da información, coa cal a